

## O ENTROIDO

*A orixe remontase ás festas que se celebraban na antiga Grecia para honrar ao Deus Dionisio. Estas festas “pagás” foron asimiladas polo cristianismo. O nome deriva do latín.*

A duración da festa é de cinco días; O xoves de Compadres, o Domingo, Luns e Martes de entroido e o Mércores de Cinza, que é o día no que se cerra a festa co enterro da sardiña ou coa queima do Meco.



O Felo de Maceda, os Xenerais da Ulla, os Volantes de Chantada, os Galáns de Cobres, as Pantallas de Xinzo, os Cigarróns de Verín e os Peliqueiros de Laza son os traxes e máscaras que se utilizan en Galiza. Aínda que dependendo do tempo, xa que algúns como os Volantes de Chantada non poden saír aá choiva xa que se desfán.

A festa do Entroido é sinonimo de fartura e abundancia na mesa. Celébranse comidas familiares e veciñais, festas gastronómicas, etc... A maior comida ten lugar o Martes de entroido aínda que nalgúns sitios se fai o domingo ou o xoves anterior.

